

**AS ESCOLAS DE FAMILIA DO BARBANZA: POBRA (CEIP PILAR MAESTÚ SIERRA, EEI FERNÁNDEZ VAREAL, EEI VILARINO, EEI ANGUSTIA, EEI A GRANXA), FRIÓNS (CEIP PLURILINGUE DE FRIÓNS, CEIP CARREIRA, EEI CAPELA) E AGUIÑO (CEIP HEROÍNAS DE SÁLVORA)** desenvolvemos unha actividade conxunta o pasado Xoves día **19 de Maio** no Auditorio Valle Inclán da Pobra do Caramiñal, na que contamos coa presenza dunha ponente de luxo: **M<sup>a</sup> del mar Romera Morón**, presidenta da Asociación Pedagóxica Francesco Tonucci, e autora do modelo pedagóxico: Educar con tres Cs: Capacidades, Competencias e Corazón, coñecedora das máis innovadoras estratexias metodolóxicas e Experta en Intelixencia Emocional, cun enfoque centrado nos últimos avances en Neurociencia.

A Escola de Familia nace nestes centros, da man das Orientadoras dos mesmos, co fin de ofertar as familias unha actividade que lle permita dar resposta as preguntas e necesidades que teñen con respecto á educación dos seus fillos e fillas. Non concibimos a Orientación sen un pilar fundamental que son as familias, pois moitas veces as dificultades que se atopan na escola, cos nenos e nenas proveñen do entorno no que viven.

Baixo o título: **Educar con amor... mellor en equipo**, Mar falou da importancia de educar dende o afecto, establecendo os límites e as normas que rexen as condutas das persoas. Falou da importancia da busca de fortalezas nos nenos e nenas co fin de ofrecerlles dende aí as mellores posibilidades, isto é: non posuímos unha única intelixencia senón que somos un conxunto de varias, e cada individuo é diferente porque a súa "configuración" das diferentes intelixencias é única (nas palabras de Ken Robinson).

En palabras de Mar, só se pode aprender dende C.A.S.A.: Curiosidade; Admiración;Seguridade, Alegría; non se aprende dende P.I.S.A.: Presión/Prisa; Incomprensión/Intolerancia; Standar/Soidade; Ansiedade/Angustia/Aburrimiento.

Libro recomendado: "Neurociencia, sólo se puede aprender aquello que se ama". Francisco Mora.